

Pecio de Cartaxena.

No surleste da península ibérica – na rexión de Murcia – atópase o porto de Cartaxena, moi transitado desde a Antigüidade. Navegantes e comerciantes fenicios, púnicos, romanos, bizantinos e os seus sucesores surcaron as augas deste estratéxico porto natural.

Os accesos ao porto de Cartaxena gardan baixo as súas augas moitas historias mergulladas, froito de naufraxios ocasionados por temporais o enfrontamentos bélicos.

En 2007 e 2008 os arqueólogos do Museo Nacional de Arqueoloxía Subacuática, ARQUA, en colaboración coa Fundación Aurora Trust, usaron técnicas de teledetección durante dúas campañas de prospección. O uso dun moderno sonar de varrido lateral permitiulles explorar e prospectar sistemáticamente a baía de Cartaxena. Localizaron máis de cen anomalías e as documentaron mediante complexos programas informáticos.

Unha anomalía de especial interese foi esta agrupación de sospeitosas formas, que ocupa unha ampla superficie e que formaba un túmulo sobre e baixo o fondo. Os especialistas empregaron un vehículo con control remoto, que navegou ata a anomalía para a visualizar e verificar a súa natureza.

Axiña se comprobou que se trataba de centos de ánforas, que foron filmadas e fotografadas co robot teledirixido desde a cabina do barco.

Aquelas imaxes permitiron aos arqueólogos identificar polo menos dous tipos de ánforas romanas da época republicana.

Pola súa forma, sábese que transportaban viño de distintas calidades, segundo fose destinado ás familias itálicas que explotaban as famosas minas de Cartago Nova ou aos escravos que alí traballaban. Esta información permite deducir que o barco procedía de Italia e naufragou xusto antes de entrar no porto de Cartaxena, no século I antes de Cristo.

Ao chegar ao porto, procesáronse os centos de fotos realizadas polo robot e comezou a montarse un mosaico fotográfico do pecio, que permitirá reproducir a distribución do cargamento.

Para comprobar o estado de conservación deste pecio, planificouse unha complicada inmersión técnica.

Cada mergullador levaba catro catro botellas con mestura de gases, nitrox e osíxeno, que lles permiten baixar a moita profundidade e realizar con seguridade o longo ascenso á superficie, con varias paradas de descompresión.

Conforme chegaban ao fondo, as lanternas ían deixando albiscar na escuridade centos de ánforas, baixo as que podería quedar algún vestixio do barco de madeira que as transportou.

Dous mil anos máis tarde do seu naufraxio, as ánforas están tapizadas por unha rica vida mariña que da acubillo a algunha curiosa langosta e serve de alimento a numerosos peixes, de xeito que constitúe un impotante testemuño do patrimonio subacuático natural e cultural de Cartaxena.